



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

A EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

Que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde, ademais doutras funcións, propor, deseñar, coordinar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba, ente outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, emprego autónomo, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego, orientación e colocación, intermediación laboral, así como política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, e responsabilidade social empresarial.

Para desenvolver adecuadamente estas funcións é preciso proporcionar a formación adecuada ás persoas que realizan as súas competencias profesionais no ámbito do Sistema Nacional de Emprego, de maneira que poidan ofrecer un servizo de calidade ás persoas e ás empresas, e poder dar así resposta aos desafíos dun mercado laboral tan cambiante como o actual.

Rúa Madrid 2 – 4
15.707 – Santiago de Compostela
Tfno: 981546044/5. Fax: 981546337
secretaria.egap@xunta.gal
<https://egap.xunta.gal>





(2) Obxecto

O obxecto deste convenio entre a EGAP e Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

(3) Finalidade

A EGAP e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración adquiren os compromisos previstos no convenio e en concreto na súa cláusula segunda.

(4) Impacto económico

A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos de vixencia deste convenio.

(5) Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

(6) Vixencia

Para os efectos sinalados, formalizase coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración un convenio por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por tódalas partes ata o 31 de decembro do 2028, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización deste instrumento para articular as relacións entre a EGAP e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de

Rúa Madrid 2 – 4
15.707 – Santiago de Compostela
Tfno: 981546044/5. Fax: 981546337
secretaria.egap@xunta.gal
<https://egap.xunta.gal>





carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os seus principios para resolver posibles dúbidas e lagoas.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela
A directora da EGAP
P.D.S. (Res. 11.03.2025)

O xefe do Servizo Económico-Administrativo
José Antonio González Faílde

